

## INFORME XURÍDICO

UNIDADE SOLICITANTE:	DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS E RÉXIME INTERIOR
DATA DA SOLICITUDE:	6 DE XULLO DE 2015.
ASUNTO:	PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS CONTRATACIÓNS ADMINISTRATIVAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA AO PARLAMENTO DE GALICIA.

Vista a proposta de prórroga das contratacións administrativas para a subministración de enerxía eléctrica ás edificacións do Parlamento de Galicia, efectuada pola Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior con data 3 de xullo de 2015, e que se une ao presente informe.

Tendo en conta que nos correspondentes contratos formalizados coas empresas Endesa Enerxía, S.A.U.(lote 1, punto de subministración edificación "A"), e Gas Natural Comercializadora, S.A.(lote 2, punto de subministración edificación "B") con data un de setembro de dous mil catorce, está prevista a posibilidade de que os contratos poidan ser prorrogados antes do seu remate pola Mesa do Parlamento ata un máximo dun ano máis, infórmase que a referida proposta axústase á legalidade vixente, debendo constar no expediente as razóns de interese público que determinan a conveniencia e necesidade de efectuar tal prórroga.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2015

A letrada

María Aneiros González



## **Proposta de prórroga dos contratos administrativos para a subministración de enerxía eléctrica ao Parlamento de Galicia**

Os contratos administrativos para a subministración de enerxía eléctrica ao Parlamento de Galicia, rematan o vindeiro 31 de agosto.

O 3 de xuño de 2015 a empresa Endesa Energía, S.A.U. presentou escrito no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia (núm. 37668) solicitando a prórroga do contrato do lote 1 (punto de subministración edificación "A"), asinado o 1 de setembro de 2014.

O 1 de xullo de 2015 a empresa Gas Natural Comercializadora, S.A. presentou escrito no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia (núm. 38455) solicitando a prórroga do contrato do lote 2 (punto de subministración edificación "B"), asinado o 1 de setembro de 2014.

A posibilidade da prórroga preveuse expresamente no prego de cláusulas administrativa desta contratación e tívose no seu momento en conta para a elección do procedemento de adxudicación.

As cláusulas cuarta e terceira dos respectivos contratos prevén que a súa vixencia poderase prorrogar mediante acordo escrito das partes e antes do seu remate por un ano máis.

Dado que a prestación obxecto dos contratos se están realizando con corrección e seguen vixentes tanto a necesidade que se pretendía cubrir cos contratos como as razóns de interese público que xustificaron o inicio deste expediente de contratación, propónse á Mesa do Parlamento de Galicia a adopción do seguinte Acordo:

- 1º Prorrogar o contrato asinado con Endesa Energía, S.A.U. para a subministración de enerxía eléctrica, lote 1 (punto de subministración edificación "A"), ata o 31 de agosto de 2016.



2º Prorrogar o contrato asinado con Gas Natural Comercializadora, S.A. para a subministración de enerxía eléctrica, lote 2 (punto de subministración edificación "B"), ata o 31 de agosto de 2016.

Santiago de Compostela 3 de xullo de 2015.

  
Vº e prace  
Ø Letrado Oficial Maior  
Xosé Antón Sarmiento Méndez

  
  
Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior



Mesa do Parlamento de Galicia